

ANO CHAVE, CONXUNTURA CRUCIAL

XOSÉ CARLOS ARIAS
DIRECTOR DO PROXECTO 2040 DO FORO ECONÓMICO DE
GALICIA. CATEDRÁTICO DE POLÍTICA ECONÓMICA

É moi importante –diríamos trascendental– evitar que o episodio de inflación se convirta en algo permanente. Diversas e importantes encrucilladas apíñanse agora mesmo ante os nosos ollos. Unha alta e duradeira inflación multiplicaría os obstáculos na concreción dun novo contrato social nun sentido integrador.

Por si a sucesión de cambios operados na economía mundial desde 2020 non fora bastante, o ano 2022 está traendo novas voltas de torca á dinámica de transformación que, nun contexto de cada vez maior incerteza, se proxectan con forza cara ó futuro. Algúns feitos novos da maior importancia, como a guerra de Ucraína, e a intensificación producida en algún outros que xa se tiñan conformado nos dous anos anteriores –sería o caso das rupturas da cadeas globais de subministro– están aumentando o grao de tensión e preocupación entre os axentes económicos, incidindo ademais, dun xeito aínda difícil de

precisar, sobre as transformacións estruturais en marcha, que a pandemia semellaba ter reforzado a grande escala.

Deteñámonos uns intres neste último punto, para lembrar que a gran crise sanitaria non somente produxo unha alteración profunda das variables económicas no curto prazo, senón que, ademais, actuou como un verdadeiro crisol e un vector de aceleración de algunhas tendencias moi disruptivas sobre a dinámica de fondo dos sistemas productivos. Entre esas tendencias destacamos catro: a dixitalización masiva, a transición enerxética na liña dunha descarbonización; os crecentes problemas co que durante tres décadas coñecemos como globalización; e a interacción de todo iso cun crecente e visíbel malestar de amplos sectores sociais.

Entre 2020 e 2021 as autoridades económicas dos países europeos –e algo semellante ocorreu nos Estados

“ENTRE 2020 E 2021, EE UU E A UE REACCIONARON DUNHA MANEIRA MOI DIFERENTE A CÓMO O FIXERAN FRENTE A CRISE FINANCEIRA”

Unidos– reaccionaron dunha maneira moi diferente a cómo o fixeran fronte a crise financeira, unha década atrás. Lembremos que entre 2008 e 2012 na UE predominou un esquema moi restrictivo de política económica en tódolos ámbitos –tanto en termos fiscais como monetarios– que levou a un estrangulamento crecente de moitas actividades, co conseguinte agravamento da contracción económica, o deterioro dos servizos públicos e unha

espiral de malestar. Todo nun contexto, ademais, no que o propio proxecto de integración europea véuse en situación de grave risco.

“NA UNIÓN
EUROPA, AS
AUTORIDADES
NACIONAIS
PUXERON
RÁPIDAMENTE
EN MARCHA
PROGRAMAS MOI
CUANTIOSOS”

A reacción fronte ás consecuencias económicas da pandemia foi moi diferente a eso, debido sobre todo a que a esa altura había un extendido consenso sobre o equivocado e dañino daquela resposta. E dicir, xogou activamente o factor

de lección aprendida. Polo demais, en 2020 o panorama das ideas económicas tiña experimentado algúns cambios significativos, en xeral nunha liña de moito menor fundamentalismo (esa especie de leninismo do mercado que predominara durante varias décadas), abríndose a novas concepcións das políticas macroeconómicas óptimas, pero tamén a razónamentos mais de fondo: sobre a necesidade de buscar novos equilibrios entre mercados e Estados, sobre a idea do propósito que deben ter as empresas –mais

alá do simple criterio de maximizar valor para o accionista– ou sobre o lesivo que pode ser para as posibilidades de crecemento a presenza de fortes desigualdades.

Non é raro, por tanto, que a reacción política fora nesta ocasión moito mais proactiva. En particular, en Europa, as autoridades nacionais puxeron rapidamente en marcha programas moi cuantiosos tanto para poñer coto a contracción productiva como para dispoñer escudos sociais (planes de ingreso mínimo, ERTes), co fin de evitar unha catástrofe a gran escala nos sectores de renda mais baixa.

Mais importante aínda, polas seus efectos de primeiro orden sobre as transformacións disruptivas en marcha, foron algunhas decisións adoptadas ó longo de 2020 pola Unión Europea. Ademais da suspensión temporal das regras fiscais da eurozona, que agora non provocou apenas debate, compre salientar a aprobación do macroprograma de investimentos dirixidos á transformación productiva, que deu lugar os fondos Next Generation, e que, nunha segunda dimensión de transcendencia histórica, abriu por primeira vez a súa financiación á débeda mancomunada, nunha fórmula que se aproxima a dos famosos eurobonos. Todo elo complementado pola acción decidida do BCE a favor da recuperación, expandindo aínda mais a política de compras de activos (na que ademais apareceu un elemento cualitativo novo de gran significación: a preferencia dada a compra de bonos verdes, o que compromete o banco central, moito mais alá do seu vello obxectivo de controlar a inflación, nunha política de crecemento económico orientado).

NEXT GENERATION EU

A trascendencia a longo prazo os programas da NextGen é imposible de negar: representando, xunto cos dispositivos pola Administración Biden nos Estados Unidos mais o menos no mesmo momento, o maior esforzo de colaboración de investimento público-privado na historia do capitalismo (razón pola que para o caso norteamericano ese foi denominado como “o momento Roosevelt”), os fondos ofrecen unha gran oportunidade para concretar a dobre transición dixital/medioambiental. Nese sentido non somentes se conforman como unha promesa para a transformación dun gran número de sectores económicos, senón que poidera ser un mecanismo efectivo para frenar a deriva cara a un certo estancamento que moitos observadores veñen destacando como horizonte probable na economía europea dos próximos vinte anos.

Mais en xeral, mesmo se poidera subraiar que a resposta europea a crise da covid-19 tivo una virtude absolutamente inusual: a de combatir os graves problemas no curto prazo con medidas pensadas para incidir sobre a dinámica profunda da economía nunha perspectiva de moitos anos.

Ó longo do primeiro ano da pandemia, e aínda que suxeita a numerosos factores de incerteza –sobre todo, evidentemente, a evolución da propia crise sanitaria, coas sucesivas ondas de contaxio– fóronse formando algunhas expectativas razonabeis dunha saída ordeada e ben orientada da crise. Non só

tratábase dunha visión da conxuntura: había xa unha plena conciencia de que as mutacións profundas da economía dispúñanse nunha dinámica complexa (moitas liñas de cambio profundo desenvolvéndose ó mesmo tempo e interactuando entre si) que era necesario confrontar con decisión para evitar males maiores; entre elas, dun xeito moi destacado, a posibilidade de que eses cambios poideran aumentar o xa mencionado alto grao de malestar visible en moitas sociedades, con efectos políticos eventualmente perturbadores.

A percepción cada vez mais compartida –tamén por parte de moitos gobernantes– de que era necesario actuar para evitar eses escenarios adversos, abría unha posibilidade certa de reconstruir as columnas económicas, sociais e tecnolóxicas do contrato social. Un asunto que temos analizado en detalle nun libro recente, presentado por certo no Foro Económico de Galicia (X.C. Arias e Antón Costas: Laberintos de la prosperidad, Galaxia Gutenberg, 2021).

FENÓMENOS INESPERADOS

Con ese trasfondo, ó comenzo do vran de 2021 todo indicaba que viña unha reactivación forte e consistente da economía: grandes bolsas de consu-

“UN GRAN RETO
PASA POR
RECONSTRUIR AS
COLUMNAS
ECONÓMICAS,
SOCIAIS E
TECNOLÓXICAS
DO CONTRATO
SOCIAL”

mo xeradas durante os meses de reclusión previsibelmente provocarían unha explosión de consumo e os fondos europeos estaban avanzando cara o seu uso efectivo. E sen embargo, a partires de ahí xurdíu unha pleiade de complicacións inesperadas: fenómenos en gran medida novos, algúns sinxelamente nunca antes vistos, que provocaron unha nova sucesión de shocks, comprometendo a recuperación no curto prazo, pero, ademais, introducindo algúns notabeis interrogantes sobre as perspectivas daquelas liñas de transformación de longo alento das que vimos falando.

Entre eses fenómenos inesperados cabe salientar os catro seguintes: en primeiro lugar o que seguramente sexa o mais sorprendente de todos, a chamada Great Resignation (gran dimisión). Vaise coñecendo con ese nome o abandono do posto de traballo sen ter alternativa por parte dun número moi importante de persoas (nos Estados Unidos fálase de hasta 24 millóns de traballadores, sobre todo xóvenes); en Europa o fenómeno dáse tamén aínda que con dimensións moito mais reducidas. Sabiamos que os cambios tecnolóxicos iban producir novas realidades nos mercados de traballo, pero dificilmente podiamos sospeitar a aparición dunha escaseza extendida da forza de traballo en algunhas profesiones chave, como agora estase producindo.

Osegundo fenómeno novo é a amplitude que está tomando a ruptura das cadeas globais de subministro. Aparecidas, como é ben sabido, na pandemia en relación con algúns materiais básicos, esas rupturas non deixan de incrementarse, provocando fenómenos de escase-

za descoñecidos desde hai moitos anos. Afecta, ademais a algunhas industrias fundamentais que se atopan en pleno proceso de cambio, como a de compoñentes tecnolóxicos ou a do automóvil. Con elo se reforza, evidentemente, a tendencia contractiva sobre o comercio mundial, que prolóngase xa desde hai unha década: desde 2010 o investimento directo transnacional ténse reducido a metade, mentres as medidas proteccionistas se teñen dobrado. Unha certa renacionalización semella estar arraigando fortemente. Hai unha maneira sinxela de constatalo: segundo datos do Financial Times, o uso de termo “offshoring” ténse reducido entre executivos de todo o mundo nos dous últimos anos, mentres medran extraordinariamente “nearshoring” ou “reshoring”, que sinalan un camiño de volta cara á produción nacional.

Todo elo ven acompañado dunha notoria redución do multiletaralismo e os atrancos á cooperación, con consecuencias sen dúbida importantes: algunhas delas poden saudarse mesmo con optimismo (é o caso do retorno das políticas industriais), pero outras causan fonda preocupación: pénsese sobre todo en dúas liñas de acción que se proxectan con grande forza de cara ó futuro: a loita contra o cambio climático e a saúde pública. Ambas dúas requiren

**“DESDE 2010 O
INVESTIMENTO
DIRECTO
TRANSNACIONAL
TÉNSE REDUCI-
DO A METADE”**

“O FUTURO DO FENÓMENO QUE TEMOS COÑECIDO COMO GLOBALIZACIÓN ESTÁ AGORA MESMO SOMETIDO A GRANDES INTERROGANTES”

dunha estreita cooperación internacional... que é exactamente o que agora está en retroceso. En todo caso, semella claro que o futuro do fenómeno fundamental do noso tempo que temos coñecido como globalización está agora mesmo sometido a grandes interrogantes.

Todo esto enlaza coa terceira novidade, que é a viraxe inducida no panorama xeopolítico pola guerra de Ucraína, que fai aumentar as posibilidades dun final abrupto da globalización. Ese viraxe xa en parte viña agromando nos anos precedentes: o que antes da guerra atisbábase eran unhas relación transnacionais e uns mercados globais cada vez máis escindidos en dous grandes bloques, á cabeza dos cales situaríase unha das grandes potencias actuais, Estados Unidos e China. Dous bloques con forte competencia (por exemplo en materia tecnolóxica) e non poucas tensións, pero tamén con liñas de cooperación entre si. A invasión de Ucraína reforza considerablemente a posibilidade dese escenario, e faio máis bronco e proclive ao conflito.

Exa en cuarto lugar figura o fenómeno que, cando menos no curto prazo ameaza con ter –está tendo xa– unha dimensión mais corrosiva: a inflación, que desde logo ten moito que ver con varios dos feitos xa sinalados. Este novo factor de inestabilidade explicábase sobre todos

por razóns de oferta (caos en mercados chave, como o enerxético ou o alimentario, agudización da crise de subministros), pero tamén algunhas de demanda (sobrecalentamento producido pola explosión de consumo tras a pandemia, etc). Entendida en principio como unha perturbación moi acotada no tempo, cada vez van asomando mais ameazas de que se extenda máis alá do episódico. Ó traspasar a barreira dos dous díxitos a comezos do verán moitas alertas se dispararon: a inflación convírtese nunha prioridade absoluta da política económica dos próximos meses.

Toda esta nova situación introduce fortes dúbidas sobre as perspectivas inmediatas dunha recuperación que se supuña encontrábase xa en curso. Pero non é ese aspecto o que mais interesa salienta aquí, senón cómo todo elo pode interferir nos procesos de cambio estrutural antes presentados. A conclusión é clara: de confirmarse esas tendencias as interferencias coa dinámica da dobre transición e, mais en xeral, cos movementos cara a un novo contrato social, poden ser da máxima importancia.

É dicir, a xa de por sí complexa evolución daqueles transformacións semella agora confrontada a novas e importantes encrucilladas. Particularmente claro é o caso da descarbonización: a guerra introduce un notable interrogante sobre os plans europeos de avanzar cara á ese obxectivo:

“A XA DE POR SÍ COMPLEXA EVOLUCIÓN DAS TRANSFORMACIÓNS EN MARCHA SEMELLA CONFRONTADA AGORA A NOVAS ENCRUCILLADAS”

ante a eventualidade dunha crise xeral de subministros, os gobernos están esquecendo as súas metas xa aceptadas, permitindo un aumento das emisións. Aínda que tamén é certo que tamén se fai máis evidente que o vello modelo era insostible tamén en termos xeopolíticos, o que estimula os investimentos a favor das enerxías renovables. Polo que respeita a dixitalización, o seu paso é máis inexorable pero, tal e como sinalan algúns expertos, dado o seu carácter moi intensivo en enerxía, podería experimentar tamén retrasos, ó seren afectada por una eventual ralentización da transición enerxética. Todo indica que nos próximos meses tomaranse decisións de gran transcendencia de cara ó longo prazo nesas materias.

A ESTABILIDADE DE PRECIOS

Máis importante aínda parece o impacto que poidera ter unha hipotética persistencia da inflación. Desde logo, o escenario macroeconómico e distributivo cambiaría radicalmente, e dunha maneira moi adversa en ambos dous casos. A partir dese punto, as políticas monetarias e fiscais con seguridade experimentarían cambios cara a modelos máis recoñecibles no que foron criterios de ortodoxia a partir da década de 1990: bancos centrais de novo obsesionados pola estabilidade de precios e presións moi fortes sobre os ornamientos públicos, o que poidera provocar restriccións crecentes sobre a dinámica de investimento a gran escala (e con elo un menor freno as ameazas de estancamento no longo prazo).

Olhando máis alá, a experiencia histórica (como a dos anos 1980-2008) mostra que unha alta e duradeira inflación

multiplicaría os ostáculos na concreción dun novo contrato social nun sentido integrador. O medo a inflación é un dos reflexos máis conservadores que cabe observar na realidade económica, polo que un viraxe real cara a un capitalismo máis inclusivo –algo moi verosímil nas condicións creadas pola pandemia– podería ficar en pouco máis que unha quimera.

“UNHA ALTA E DURADEIRA INFLACIÓN MULTIPLICARÍA OS OSTÁCULOS NA CONCRECIÓN DUN NOVO CONTRATO SOCIAL NUN SENTIDO INTEGRADOR”

Por eso é moi importante –diríamos trascendental– evitar que o episodio de inflación se convirta en algo permanente. E por eso é crucial que na presente conxuntura se intente por tódolos medios posibles poñer couto as fontes das que bebe, evitando sobre todo que se conformen espirais inflacionistas (como as ben coñecidas de precios/costes salariais). Si así se fai –por exemplo poñendo en marcha pactos multianuais de rendas– ese perigo pode ser conxurado e os precios poden voltar á unha senda moi próxima ó obxectivo de aumento do 2 % non máis alá de mediados de 2023.

Diversas e importantes encrucilladas apíñanse agora mesmo ante os nosos ollos. Compre saber que o futuro da economía internacional, e en particular o da europea, de cara ós próximos dez anos, moi probablemente dependa de como se resolvan algúns nós que afectan á economía, e das decisións que se tomen nestes meses cruciais.

